



Universidade de Santiago de Compostela

Facultade de Ciencias da Educación

Grao en Educación Social

Traballo de
fin de grao

**Os tempos de lecer das
mulleres adultas no
rural. O caso de Viana
do Bolo (Ourense)**

AUTORA

Tania Sánchez Gómez

TITORA

M^a Belén Caballo Villar

Curso 2016-2017

Santiago de Compostela, Xullo de 2017

**Os tempos de lecer das mulleres adultas no rural.
O caso de Viana do Bolo (Ourense).**

**Los tiempos de ocio de las mujeres adultas en el
rural. El caso de Viana do Bolo (Ourense).**

**Rural adult women's times of leisure. The case
from Viana do Bolo (Ourense).**

Resumo

No presente Traballo de Fin de Grao (TFG), investigamos sobre os tempos de lecer das mulleres adultas no rural, no concello de Viana do Bolo (Ourense), co obxectivo de diagnosticar as dificultades e posibilidades neste eido e formular alternativas desde a perspectiva da Pedagogía/Educación Social. Empregamos as potencialidades da indagación cualitativa para coñecer a perspectiva das protagonistas.

O informe fundaméntase nos tres piares conceptuais básicos que tecen as temáticas vertebradoras do traballo: tempos sociais e xénero, Pedagogía do Lecer como intervención no tempo libre e responsabilidade da Administración Local neste proceso. Constatamos que as canles de acceso ao lecer deste colectivo, no enclave analizado, atópanse moi debilitadas. As desigualdades de xénero, acentuadas, non propician o igual exercicio de dereitos da cidadanía, ao tempo que a ausencia dunha oferta estable por parte da Administración Pública, dificulta o lecer experiencial e humanista para o xénero feminino nesta franxa de idade –característica extrapolable ao resto da poboación-.

Palabras chave: muller, rural, Pedagogía do Lecer, Administración Local, Educación Social.

Resumen

En el presente Trabajo de Fin de Grado (TFG), investigamos sobre los tiempos de ocio de las mujeres adultas en el rural, en el ayuntamiento de Viana do Bolo (Ourense), con el objetivo de diagnosticar las dificultades y posibilidades en este campo y formular alternativas desde la perspectiva de la Pedagogía/Educación Social. Utilizamos las potencialidades de la indagación cualitativa para conocer la perspectiva de las protagonistas.

El informe se fundamenta en tres pilares conceptuales básicos que tejen las temáticas vertebradoras del trabajo: tiempos sociales y género, Pedagogía del Ocio como intervención en el tiempo libre y responsabilidad de la Administración Local en este proceso. Constatamos que los canales de acceso al ocio de este colectivo, en el contexto analizado, se encuentran muy debilitados. Las desigualdades de género, acentuadas, no propician el igual ejercicio de derechos de la ciudadanía, al tiempo que la ausencia de una oferta estable por parte de la Administración Pública, dificulta el

ocio experiencial y humanista para el género femenino en esta franja de edad – característica extrapolable al resto de la población-.

Palabras clave: mujer, rural, Pedagogía del Ocio, Administración Local, Educación Social.

Summary

In this Final Project, we investigated about rural adult women's times of leisure, in the council of Viana do Bolo (Ourense), we're leading this analysis in order to determine difficulties and possibilities in this area to make recommendations from the perspective of Social Pedagogy/Education. We used the best of qualitative research to know women's perspective.

The report's based on three conceptual pillars that weave the core themes of work: gender and social times, Leisure Pedagogy like as intervention in free time and the responsibility of the Local Administration in this process. We could see that the channels for access to leisure of this group, are very weak. Gender inequalities, accentuated, don't lead to the equal exercise of rights of citizenship, while the absence of a stable supply from Public Administration hinders the experiencial-humanist entertainment for women in this age group –feature extrapolated to rest of population.

Key words: woman, rural, Leisure Pedagogy, Local Government, Social Education.

ÍNDICE:

Introdución.....	1
1. Obxectivos.....	2
2. Metodoloxía.....	3
3. Marco teórico-conceptual.....	5
3.1 Os tempos e os seus usos: unha cuestión de xénero?.....	6
3.1.1 O tempo coma construción social.....	6
3.1.2 A diferenciación dos tempos sociais en clave de xénero.....	7
3.1.3 O rural, contexto condicionante dos tempos sociais.....	10
3.2 Os tempos libres e de lecer como ámbito de acción educativa. Unha lectura desde a Educación Social.....	11
3.2.1 Tempo libre vs tempo de lecer.....	11
3.2.2 O lecer, un dereito que se educa.....	14
3.2.3 A relación Pedagogía/Educación Social co lecer.....	15
3.2.4 A Administración Local, que faceres entorno á defensa do lecer.....	16
4. Aproximación contextual: O concello de Viana do Bolo.....	19
5. Discusión e resultados.....	21
6. Conclusións e propostas de mellora.....	33
7. Bibliografía.....	36
Anexo I. Protocolo de entrevista ao alcalde.....	40
Anexo II. Protocolo de entrevista á responsable do CIM.....	41
Anexo III. Protocolo de entrevista ás mulleres.....	42

Introdución

O presente Traballo de Fin de Grao (TFG) aborda un dos ámbitos clásicos da Educación Social, a Educación do Lecer, e encádrase na modalidade de inicio á investigación de campo, polo que realizamos unha pequena indagación sobre os tempos de lecer das mulleres adultas no rural, concretamente nun dos concellos do sureste ourensá: Viana do Bolo.

A investigación fundaméntase desde a perspectiva das propias protagonistas sobre este aspecto das súas vidas, ao tempo que se confronta coa visión da Administración Local. Aínda que sería interesante ampliar o campo de estudo a outros axentes dinamizadores da comunidade, asumimos que era máis factible reducir o obxecto de estudo para afondar na análise e nos resultados.

Varios foron os feitos que motivaron a escolla desta temática, entre eles, ser veciña deste concello, ter observado a inestabilidade das políticas municipais destinadas aos habitantes deste enclave, ademais de constatar a escasa participación das mulleres adultas na vida social, visibilidade que diminúe proporcionalmente ao incremento dos seus anos. Cómpre sinalar, que a escolla deste grupo de idade-55 a 65 anos- non é casual, pretende responder á cuestión de se realmente as mulleres teñen tempo para o lecer nesta etapa vital na que as súas responsabilidades e cargas familiares, a priori, *son menores*.

Por outra banda, a esencia da nosa profesión radica en que observemos doutro xeito este contexto, identificando as potencialidades educativas sen explotar. É por iso que se fai precisa unha lectura desde a Pedagogía/Educación Social que contribúa a un maior e mellor desenvolvemento destas comunidades, neste caso desde a intervención educativa no lecer. Neste sentido, agardamos que este traballo teña certa repercusión na área local, contribúa a visibilizar a problemática dos tempos de lecer deste colectivo e axude a mellorar a atención ás súas necesidades.

O informe que presentamos concreta, en primeiro lugar, os obxectivos da investigación para, a continuación, determinar os criterios metodolóxicos que nos axudan á consecución dos mesmos. Proseguimos co marco teórico que aborda os conceptos clave do estudo -tempos sociais e xénero, Pedagogía do Lecer e papel da Administración Local neste ámbito-. De seguido, preséntase o marco contextual que

acolle o traballo de campo, así como os principais resultados e a súa discusión, para pechar cun capítulo de conclusións que esboza algunhas alternativas en clave educativo-social.

Desde unha perspectiva académica, coa elaboración deste informe, preténdese amosar as competencias adquiridas ao longo da nosa formación, facendo alusión aos obxectivos desta materia, que dan conta dos procesos de integración dos coñecementos teórico-prácticos á hora de centrarse na análise dunha realidade, identificar as súas debilidades e potencialidades, así como formular respostas desde unha óptica socioeducativa. Desde un punto de vista profesional, cómpre destacar as competencias adquiridas como educadora social tras a realización desta investigación e informe. Seguindo a Asociación Estatal de Educación Social (ASEDES) e ao Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais (CGCEES), que promoveron e aprobaron o Código Deontolóxico da Educadora e do Educador Social (2007), destacamos 3 dos 5 bloques presentados: as competencias relativas á adquisición de capacidades de análise e síntese, as ligadas a aspectos críticos e reflexivos sobre a situación, así como tamén as vinculadas aos procesos de selección e xestión do coñecemento e da información recadada. En definitiva, capacidades e competencias imprescindibles para o exercicio profesional desde a perspectiva reflexiva e crítica.

1. Obxectivos

O obxectivo xeral deste TFG *é coñecer a realidade e usos dos tempos de lecer das mulleres adultas rurais en Viana do Bolo (Ourense).*

Á súa vez, concrétese nos seguintes obxectivos específicos:

1. Analizar os tempos sociais das mulleres adultas e a repercusión que teñen no seus tempos de lecer.
2. Identificar as potencialidades e dificultades de acceso ao ocio do sector feminino adulto.
3. Determinar o nivel de implicación da Administración Local no ocio das mulleres adultas en Viana do Bolo.
4. Formular propostas desde a Pedagogía-Educación Social para un ocio de calidade do colectivo obxecto de estudo.

2. Metodoloxía

O Traballo de Fin de Grao (TFG) que presentamos, sitúase na modalidade de inicio á investigación de campo, enfocándose cara un estudo de casos no que predomina a metodoloxía cualitativa.

Segundo Tójar (2006), entendemos esta tipoloxía de estudo de casos coma “unha investigación descritiva, exhaustiva e en profundidade dun caso, tratando de descubrir e identificar os problemas e as causas que poden subxacer na orixe dos mesmos” (p. 113). Desta forma, a presente indagación diríxese cara esta perspectiva, na medida que estamos a analizar diferentes casos arredor dunha mesma temática: o ocio nas mulleres adultas de Viana do Bolo.

Para comezar a coñecer o obxecto de estudo, realizáronse múltiples lecturas de diversa índole (artigos, libros, teses, entre outros), realizando unha revisión bibliográfica de publicacións vinculadas á temática á tratar. Algunhas das bases de datos empregadas foron Dialnet, o Catálogo Iacobus, Teseo ou Google Scholar. Para realizar unha procura organizada, empregáronse os mesmos tópicos de busca nos diferentes recursos. Os máis empregados foron: muller rural, rural e ocio, tempos sociais, tempos de traballo, xénero e ocio, educación e ocio ou participación e lecer. A información recadada, serviu para fundamentar o marco teórico desta investigación, así como tamén para enriquecer a discusión dos resultados do estudo de casos.

Sobre a base de información de carácter cuantitativo extraída de diversas fontes - fundamentalmente o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Padrón Municipal de Viana do Bolo-, para definir as tendencias xerais da realidade a investigar, adoptamos un enfoque cualitativo que nos permite afondar nas situacións vitais das persoas que participan no estudo. Búscase coñecer a argumentación e as reflexións das protagonistas do problema de investigación, todo baixo unha visión máis subxectiva ligada á experiencia propia (Pérez Serrano, 2000).

O instrumento de recollida de datos empregado foi a entrevista en profundidade, entendida coma técnica na que ten lugar un proceso de comunicación entre dous ou máis interlocutores, que á súa vez posúe un obxectivo de investigación e pretende chegar aos fenómenos ou feitos que derivan nos comportamentos ou trazos das persoas entrevistadas (Olaz, 2016). En palabras de Olabuénaga (2007), “a entrevista en

profundidade é en definitiva, unha técnica para obter que un individuo transmita oralmente á entrevistadora a súa definición persoal da situación”(p.166).

Neste caso optamos por unha entrevista semiestruturada, apoiada nun esquema previo de cuestións determinadas, pero asumindo a liberdade das entrevistadas e da entrevistadora para incluír ou eliminar algunha cuestión, de ser pertinente.

Realizáronse tres protocolos de entrevistas, mudando o modelo segundo a persoa destinataria. Así, as entrevistas dirixíronse ao alcalde de Viana do Bolo e á responsable do Centro de Información á Muller (CIM) deste concello. Son dous informantes clave dentro da Administración Local, xa que ambos, debido ao seu cargo, tratan temas vinculados ao lecer e tempo libre neste contexto. Cómpre sinalar, que o alcalde está á fronte do Goberno Local desde as últimas eleccións, mentres que a técnica responsable do CIM, incorporouse na anterior lexislatura.

Tamén se desenvolveron 10 encontros, unha única entrevista por sesión, con mulleres residentes no concello de Viana de Bolo, pois consideramos que ninguén pode saber máis do ocio das mulleres do rural que as propias protagonistas. Coa finalidade de establecer unha análise comparativa entre o núcleo principal do territorio e o sector feminino pertencente á periferia, escolléronse 5 mulleres residentes en Viana do Bolo e outras 5 que viven en diferentes aldeas do concello.

Aínda que os instrumentos son distintos, todos están vinculados ás mesmas temáticas, co fin de facilitar a triangulación da información recollida. Para logralo, formulouse unha pregunta idéntica en tódolos protocolos, sendo varias delas moi semellantes no contido, pero diferentes no modo de preguntar en función da persoa destinataria (Anexos I, II e III). A duración das entrevistas foi heteroxénea, situándose a media entorno aos 24 minutos. Amosamos a continuación o proceso de aplicación dos instrumentos e a duración das entrevistas.

Táboa 1

Aplicación dos protocolos de entrevista

Data de aplicación	Código informante	Duración temporal
1 de Marzo de 2017	CIM	18 minutos
2 de Marzo de 2017	Alcalde	22 minutos
17 de Marzo de 2017	E01	15 minutos
17 de Marzo de 2017	E02	67 minutos
17 de Marzo de 2017	E03	31 minutos
17 de Marzo de 2017	E04	16 minutos
18 de Marzo de 2017	E05	16 minutos
18 de Marzo de 2017	E06	15 minutos
18 de Marzo de 2017	E07	12 minutos
24 de Marzo de 2017	E08	35 minutos
24 de Marzo de 2017	E09	16 minutos
24 de Marzo de 2017	E10	23 minutos

Fonte: Elaboración propia.

Para facilitar a análise de datos foron gravadas, previa autorización das persoas participantes. Desde un inicio garantiuse o anonimato ás mulleres informantes, polo que se crea unha nomenclatura codificada para cada unha delas.

3. Marco teórico-conceptual

Coa finalidade de definir unha base teórica para o noso discurso, que axude a comprender e orientar os contidos deste TFG na dirección desexada, apoiámonos en tres piares conceptuais básicos. Todos eles gardan unha íntima relación entre si, ao tempo que se relacionan nunha orde secuencial lóxica: do máis amplo ao noso caso concreto. Nunha primeira instancia, abordaremos a realidade dos tempos sociais e a complexidade dos mesmos en canto elementos vertebradores das sociedades, analizando se o seu uso está vinculado ao xénero das persoas. Desde este punto de partida, encamiñarémonos a relacionar o emprego dos tempos libres e de lecer desde unha visión socioeducativa, coma un ámbito da Pedagogía/Educación Social e a relevancia do lecer para o desenvolvemento persoal. Por último, dentro deste marco

de actuación, faremos especial fincapé na Administración Local como responsable das políticas de proximidade coa cidadanía.

3.1 Os tempos e os seus usos: unha cuestión de xénero?

3.1.1 O tempo coma construción social

Entendemos a realidade coma un campo amplo, diverso, configurado por un heteroxéneo abano de variables que conforman a nosa vida, o noso desenvolvemento e, que a súa vez, se atopa determinada por un elemento intanxible, pero que sustenta tódolos procesos que acontecen dentro da mesma. Falamos do tempo, indisociable desta realidade poliédrica, “un soporte fundamental para o desenvolvemento da vida humana, que é, ela mesma, temporal” (Caballo e Caride , 2005, p.11).

Tal e como sinala Gimeno (2008) “o tempo é un prototipo de complexidade e de confusión, no que se refire ao seu coñecemento e emprego, aínda que a vivencia do mesmo témola todos e todas” (p.1). É “un principio activo do mundo” (Caballo, Caride e Meira, 2011, p.12), un conglomerado que cambia e nos cambia mentres avanza. Unha mesma variable interpretada desde diversas vertentes. Desde aquelas premisas máis ligadas ao cuantitativo e ao obxectivamente válido que reflexan o tempo en consecucións do mesmo valor exacto –calendarios, reloxos, entre outros- coma unha variable física, a outras visións máis profundas apegadas a termos cualitativos, que pretenden traducir a complexidade da realidade en unidades comprensibles polas persoas que habitan na mesma. É imposible comprender esta variante sen entender que está construída por distintas unidades tipolóxicas: tempo social, tempo libre, tempo educativo, entre outros. É dicir, un “tempo de tempos” (Caballo et al.,2011, p.12).

Xa sexa de xeito colectivo ou individual, somos o tempo que vivimos (Tabboni, 2006). As persoas constrúen e desenvólvense no marco da temporalidade, á vez que as experiencias que xeran dentro deste espazo consolidan un modo de vivir, de adquirir valores e de socializar cos seus semellantes. Polo que non podemos obviar que o tempo posúe un carácter social -causa e consecuencia das interaccións sociais (Caballo, Candia, Caride e Meira, 1997), na medida na que estas definen tamén o entendemento deste elemento- así, o tempo, o tempo social, atópase “humanizado” (Caballo et al., 2011). Deste modo a creación do imaxinario temporal é un trazo definitorio de cada sociedade, converténdose nun elemento cultural, diferente en cada contexto e

comunidade. De xeito persoal, esta variable adquire un valor diferente para cada persoa, mais non pode diferenciarse do núcleo cultural no que o individuo se atopa inmerso.

É de vital importancia destacar a organización dos tempos na que se desenvolven as diferentes biografías persoais, debido á estreita conexión que hai entre a mesma, a construción social das dinámicas cotiás e a dimensión do xénero inherente a este proceso (Gradaílle e Merelas, 2011); entendendo o xénero, segundo a Real Academia Galega (2017), coma o “conxunto de características, comportamentos, funcións e valoracións socioculturais que se asignan como apropiado para cada un dos sexos nunha sociedade determinada”.

3.1.2 A diferenciación dos tempos sociais en clave de xénero

Coa chegada da industrialización os tempos sociais tornáronse máis fráxiles e escravos, pois sometéronse ao mercado e ás súas necesidades produtivas - situación que se acentuou nos últimos anos debido ao culto ao consumismo extremo-. Neste senso, o tempo de traballo convértese no eixe regulador da vida cotiá, articulando o conxunto de tempos sociais e persoais e actuando coma o factor primordial que organiza a existencia humana (Caballo et al., 2011). Desta forma, a crecente desarticulación do tempo de traballo, repercute na esfera persoal dos individuos de xeito ineludible. O feito de proclamarse fieis discípulos das regras que marca o mercado, dista moito de responder ás necesidades sociais das persoas, motores reais do mundo laboral, provocando un desfase nos seus tempos, unha desestruturación da vida persoal sumida na produción e na expansión do capital necesaria para o sistema consumista. É dicir, a colectividade pasa a ser a última peza da cadea, a dinámica laboral non é máis que unha deshumanización do sistema que condiciona os demais tempos sociais dos individuos, repercutindo notoriamente na súa calidade de vida.

Cabe destacar que o feito de falar de “tempo de traballo” fai alusión á dedicación extradoméstica, un posto socialmente recoñecido e remunerado, un emprego. Deste xeito, existe unha diferenciación á hora de representar esta franxa horaria que consume tempo vital aos individuos, obviando a maior carga laboral de portas do fogar para dentro, asumida en altas porcentaxes polo xénero feminino. Obsérvase unha alta complexidade á hora de estimar o tempo dedicado ao traballo non remunerado, que afecta directamente aos tempos das mulleres. En palabras da Comisión Consultiva de

Emakunde e do Instituto Vasco da Muller (2002), o proceso de socialización intrínseco ás comunidades atribuíulle ao xénero feminino o espazo doméstico, afastándoa pouco a pouco da esfera pública pola falta de control sobre os seus tempos persoais. Deste xeito, a división tradicional entre os roles adxudicados a homes e mulleres dentro da sociedade, provoca que a muller cargue ás súas costas o traballo do fogar, dando por feito que son tarefas innatas a este colectivo (Kloeze, 2002). Confírmase deste xeito a argumentación de Murillo (1996), que fixo fincapé en que a etiquetaxe en esferas – pública, privada e doméstica- unicamente derivaría en desigualdades sociais entre xéneros, xa que é causa de diferenciación entre homes e mulleres, por mor dos roles asumidos socialmente.

Diferentes estudos sobre o uso dos tempos sociais, realizados nos últimos anos, ofrecen os mesmos resultados: a diferenciación de xénero no uso dos tempos é un factor alarmante. A través dos datos obtidos da Enquisa de Emprego do Tempo (ETT), realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) no período 2009/2010, observamos diferenciacións profundas no uso dos tempos sociais por parte das persoas participantes no estudo, extrapolables á realidade social actual. Por exemplo, os varóns empregan un total de 3:03 h diarias no traballo remunerado (fóra do fogar) mentres que as mulleres teñen unha presenza menor dos tempos remunerados, cun total de 1:54h. Asemade, nos tempos correspondentes ao coidado da familia e ao mantemento do fogar - tempos non retribuídos economicamente- identifícase o cumio de diferenciación entre xéneros, sendo 2:54h diarias excedentes do traballo feminino fronte ao masculino. Tal e como apuntaba Durán (2010) “unha de cada cinco mulleres está ocupada nesta actividade entre as oito da mañá e as dez da noite. Os varóns non acadan en ningún momento este grao de dedicación” (p.37). Determinamos así, que a economía doméstica constitúe case o dobre do tempo de traballo que as actividades alóctonas ao fogar, representadas polo traballo competitivo, promovendo unha sobrecarga laboral das mulleres en comparación coa saturación dos varóns (Colectivo loé, 1996).

En parágrafos anteriores, comentabamos a idea de que o tempo de traballo remunerado actúa coma o alicerce temporal a través do cal se conforman os restantes tempos sociais, influenciando a vida social das persoas. Deste xeito, como repercutirá o engadido do traballo doméstico aos restantes tempos sociais do xénero feminino?

Recorrendo de novo a ETT (2009-2010), obtemos cifras vinculadas aos tempos sociais dissociados da realidade laboral e doméstica, que son o vivo reflexo de que “os ritmos temporais entre homes e mulleres poñen de manifesto diferenzas que esconden profundas desigualdades” (Gradaílle e Merelas, 2011, p.60). Realizando unha suma da totalidade destes tempos –entre os que se inclúen a vida social e a diversión, o deporte, os pasatempos e o tempo non especificado- os varóns acadan un total de 3:08 h dedicadas ao seu tempo persoal. Pola contra, as mulleres obteñen unha cifra menor, cun cálculo final de 2:02 h. Comprobamos que o tempo propio do xénero feminino se atopa absorbido polo rol que a sociedade patriarcal lle adxudicou, caracterizado polo tradicional papel de coidadoras, sacrificando o seu tempo persoal en tarefas, obrigas e deberes domésticos. Experimentábase, así, unha saturación nas súas axendas persoais, que provoca que o colectivo feminino se atope alleo á dinamización social da realidade máis inmediata na que se atopa inmerso (Caride, 2009).

Aínda que a situación social das mulleres, no referente ao mundo laboral, mudara nos últimos anos, non se poden obviar outros elementos vinculados a estruturas sociais nos que a presenza feminina aínda se atopa en segundo plano (Instituto da Muller, 2007). A incorporación masiva da muller ao emprego, incentivada nos últimos dez anos pola crise financeira, non computou maiores niveis de corresponsabilidade nas tarefas domésticas e nos cuidados á familia (Gradaílle e Merelas, 2011).

Neste senso, seguindo a Murillo (1996) a muller, en singular, debe rescatar un tempo propio do cómputo total do seu tempo diario, case inmersa nun xogo de malabares organizativos entre realidades moi opostas, que derivarán nun tempo privado no caso de artellar a consonancia entre as mesmas.

Este tempo propio e libre non debe ser considerado residual, senón que é un elemento vinculado ao benestar feminino, xa que se atopa intimamente ligado ao propio desenvolvemento persoal e á utilización dos tempos como elementos satisfactorios e de crecemento colectivo. Debido á falta deste tempo libre, as mulleres atópanse nunha situación na que o exceso de cargas non lles permite construír experiencias que nutran o seu ser, limitando o seu acceso ao lecer.

3.1.3 O rural, contexto condicionante dos tempos sociais

Se destacábamos con anterioridade que o contexto de creación do imaxinario dos tempos e dos seus usos é un factor a ter en conta para a vivencia dos tempos sociais, debemos sinalar que o marco empírico da nosa investigación se centra no mundo rural, sendo este un elemento definitorio que axuda a comprender os tempos sociais en clave de xénero no concello de Viana do Bolo (Ourense). Enténdese o rural coma o oposto á vida na cidade, aquilo que se atopa vinculado á vida no campo e ás súas manifestacións (RAG, 2017). Sen embargo, esta definición exime de significado ás características destes territorios, o concepto de “rural” posúe un valor identificativo propio, máis alá da mera oposición á vida na urbe ou ás tarefas que se desenvolven como forma de vida no campo. Tal e como sinala Gradaílle (2000), “existe a tendencia a falar do rural coma contraposición do urbano, o cal nos leva a interpretar este contexto en función das carencias e diferencias que presenta o primeiro respecto do segundo” (p.554). A ruralidade non é un aspecto individual da sociedade do campo, senón que se converte nun modelo social, coas súas propias características e atributos (Caride, citado por Gradaílle, p.554). Este ambiente conforma a realidade das persoas que habitan este entorno, “debe ser aprehendido como un conglomerado dinámico de factores sociais, económicos, políticos e culturais que, ó mesmo tempo, establecen relacións de mutua influencia cos elementos bióticos e abióticos que integran o ambiente físico-natural” (Caballo et al., 1997). É por iso que o contexto rural inflúe e determina a vida dos individuos, o uso e emprego dos seus tempos sociais inherentes á construción cultural desta paraxe.

A maiores doutros factores de desigualdade vinculados á construción do xénero e que afectan ás mulleres, debemos destacar algunhas variables específicas que atinxen ao sector feminino no mundo rural. Tal e como indican Fernández, López e Valcarce (2005): “a feminización do traballo doméstico, menos oportunidades de emprego e formación, escasa participación na vida política, cultural e social, máis responsabilidades familiares..” (p.114). A comprensión do rural, é unha peza clave neste informe, xa actúa coma un dos principais elementos definitorios das mulleres deste concello. A orografía peculiar, a dispersión da poboación, os recursos centralizados, entre outros, provocan que os tempos sociais teñan características propias, adaptadas ao mundo agrario e gandeiro e ás, en ocasións, insuperables

distancias entre o fogar e os recursos que provocan unha incompatibilidade clara entre os horarios e os tempos de desfrute propios.

Como vemos, o tempo -aínda que invisible- é un factor que condiciona o noso desenvolvemento persoal e, da man, o comunitario. Ademais, é unha cuestión fortemente unida aos procesos de construción histórica dos roles de xénero, que repercuten á súa vez na vivencia destes espazos. De tal forma que a educación debe ser unha ferramenta máis coa que intentar diminuír estas fendas discriminatorias inherentes aos procesos de vivencia dos tempos, “posibilitando a promoción de experiencias de desenvolvemento persoal, social e familiar dun modo máis integral, equitativo e igualitario no *cronos* vital diario de mulleres e homes” (Gradaílle e Merelas, 2011, p.60).

3.2 Os tempos libres e de lecer como ámbito de acción educativa. Unha lectura desde a Educación Social

Neste momento, coa finalidade de reflexionar sobre as potencialidades educativas dos tempos sociais, faremos especial mención aos tempos libres e de lecer coma un espazo de actuación/intervención socioeducativa. Tamén expoñeremos as diferentes responsabilidades que asume a Administración Local nestes espazos educativos.

3.2.1 Tempo libre vs tempo de lecer

Cómpre diferenciar con claridade o significado de tempo libre e o de lecer pois, a miúdo, ámbolos dous termos son empregados coma sinónimos cando non o son. O tempo libre é unha condición indispensable para o lecer, pero non é suficiente, tal e como apunta Cuenca (1998) “toda vivencia de ocio transcorre nun tempo e precisa dun tempo de xestación e desenvolvemento” (p.254), pero este factor non implica a asimilación da mesma conceptualización para ambos conceptos.

Se asumimos que os tempos libres son aqueles dos que as persoas dispoñen, unha vez que se lle deu resposta ás súas necesidades, quefaceres, labores, entre outras, e que neste período se realizan diversas accións vinculadas ao descanso ou á realización de actividades, experimentación de vivencias, etcétera, concluiremos que o lecer se atopa inmerso neste abano de posibilidades dentro do tempo libre (Caballo e Caride, 2005).

Unha das principais diferenzas entre estes tempos sociais, é a característica de que se poden cuantificar. En palabras de Cuenca (2004) “o tempo, en canto a tempo social, é considerado algo obxectivo medible e cuantificable” (p.29), mais ao tempo de lecer,

definido coma unha experiencia humana, subxectiva, ligada ao ser que está a realizar esa experiencia, é complicado asignarlle un valor numérico. Tal e como indicaba Cuenca (1998), “a experiencia de lecer enriquecese ao fixar a súa realidade en presente, procesual e significativamente co pasado e o futuro que lle corresponde” (p.256). É dicir, o tempo empregado en proxectar unha experiencia e o que se emprega rememorando a mesma, son elementos que axudan a enriquecer este espazo temporal e nutrir un suceso para que aporte mellora á calidade de vida humana. Para que o ocio sexa completo, a iniciativa debe ter un comezo, un desenvolvemento e un fin. Tal e como apuntaba Cuenca (2004) “a vivencia do lecer gaña significación, importancia e calidade na medida que se separa da man do mero pasatempo e se incardina nas nosas vidas rompendo as barreiras do tempo obxectivo” (p.29).

Sen embargo, a vivencia do tempo libre coma unha experiencia de lecer, estivo tamén supeditada a concepcións negativas. O termo lecer, que provén de *otium* en latín, xa facía referencia no pasado á ociosidade, á vagancia, á preguiza para realizar actividades laborais. Cómpre sinalar, que cos cambios da mecanización do mundo produtivo, xunto coa regularización das xornadas laborais, ademais doutras mudanzas desde o paradigma social, provocan o incremento do tempo libre (Caballo, 2009). Así, consensúase o dereito ao descanso das persoas traballadoras, en diferentes documentos e lexislación de alcance internacional. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH, 1948), fai especial fincapé neste dereito no Artigo 24 que sinala “que toda persoa ten dereito ao descanso, ao disfrute do seu tempo libre, a unha limitación razoable da duración do traballo e a vacacións periódicas pagadas”. No caso do estado español, a Constitución Española (1978), recolle este dereito ao descanso –e ao lecer- de xeito máis diluído noutros campos. O artigo 43.3 indica: “os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo, facilitarán a adecuada utilización do lecer”.

Por outra banda, a World Leisure and Recreation Association (WLRA, 1993), na súa Carta Internacional para a Educación do Ocio, como sucesora doutras manifestacións de cara á determinación do lecer coma un elemento fundamental da humanidade – como por exemplo, a Declaración sobre Ocio, Turismo e Medio Ambiente (WLRA, 1991)-, define este coma unha experiencia humana con beneficios propios, un recurso para o desenvolvemento persoal que fomenta a boa saúde e o benestar xeral, coma un

dereito básico á condición humana, que se ve influenciado polo contexto social, e pode ser fonte de mellora social (Cuenca, 2004).

Seguindo a lectura que realiza Manuel Cuenca (2004), sobre a Carta Internacional para a Educación do Ocio (WLRA, 1993), detectamos tres argumentacións principais en vinculación ao lecer:

- Para que o lecer sexa pleno, é condición necesaria o exercicio de liberdade individual, de xeito que os suxeitos sexan os protagonistas da súa experiencia de ocio. Non pode ser algo imposto, polo que promove o autodesenvolvemento e a autonomía de tomar decisións que melloran a calidade de vida.
- O lecer é un dereito, consolidado nun primeiro momento coma un dereito diluído no descanso, pero que na actualidade, grazas á consolidación da Terceira Xeración de Dereitos Humanos, fálase do dereito ao lecer como un obxecto fundamental para a prosperidade colectiva e social en alusións vinculadas ás manifestacións culturais e deportivas, entre outras.
- Incide na mellora da calidade de vida, varios autores afirman que a práctica dun lecer activo contribúe á mellora física e psíquica. Por exemplo, Csikszentmihalyi (2001), indica que o tempo libre, sen unha práctica de lecer activa, non é satisfactorio e que as persoas coa mente desocupada tenden á depresión ou malestar.

De aí a relevancia de destacar o feito de que para que haxa lecer, non é suficiente o tempo libre. Caballo e Caride (2005), indican que “é preciso dotalo, así mesmo, do sentido que ofrecen os valores, os coñecementos, as actitudes, as iniciativas, os comportamentos, etc” (p.14) , que apoian de xeito cualitativo o desenvolvemento e autorrealización persoal, de cara á procura do benestar persoal e respondendo a necesidades e dereitos básicos inherentes á condición humana. A aprendizaxe, reflicte o noso comportamento en tódolos aspectos do noso desenvolvemento vital, de tal xeito, que “o que facemos no noso tempo libre é froito de diferentes procesos de aprendizaxe, polo que isto leva a pensar que o lecer é algo cambiante e educable” (Cuenca, 2004, p.16). Deste xeito, defínese a Pedagogía do Lecer coma unha ferramenta, en base a obxectivos educativos, que axuda a desenvolver as

potencialidades das persoas para que podan realizarse coma tales dentro dunha vida plena e satisfactoria.

3.2.2 O lecer, un dereito que se educa

O lecer, é unha práctica contextual “que dependendo da sociedade, tempo histórico e circunstancias económicas, diferentes grupos e individuos comprenderon e experimentaron de formas considerablemente distintas” (Trigo, 2001, p.208). No contexto de cambio e necesidade enmarcado na crise do Estado de Benestar actual, é fundamental introducir activamente a educación do lecer, en palabras de Morata e Garreta (2012), “reafirmando o sentido e necesidade da mesma, pero establecendo acentos que garantan a necesaria dimensión crítica dunha acción educativa que entendemos ao servizo da mellora e da transformación social, en clave de cohesión comunitaria e emancipadora” (p.13).

Na sociedade actual, caracterizada coma *civilización do lecer* (Cuenca, 1998), obsérvase que o lecer adquire moita relevancia en tódolos ámbitos vitais. A sociedade neoliberal, ofrécenos milleiros de ofertas do binomio lecer-consumo, mais o verdadeiro acceso non radica na oferta, senón no feito de acadar unha experiencia satisfactoria no espazo de lecer, actuando criticamente de cara á mesma.

Neste senso, eríxese a Pedagogía do Lecer coma un modelo educativo do tempo libre, que en base a obxectivos socioeducativos, contribúa ao proceso de desenvolver as potencialidades das persoas para que podan realizarse coma tales e acadar unha vida en plenitude (Cuenca, 2011). Perseguindo en todo momento, a idea de que os tempos de lecer non son espazos residuais –“tempos brandos”- posto que se vivimos experiencias valiosas, positivas e dignas favorecemos a automellora e, por ende, a mellora comunitaria (Cuenca, 2014). É dicir, asimilando que o “feito de dispoñer de tempo para o lecer, libre de necesidades de supervivencia, é unha das condicións fundamentais dunha boa vida” (Csikszentmihalyi, 2001, p.21). Esta práctica educativa, deriva en fuxir do utilitarismo e do dirixismo no tempo libre, favorecendo a autonomía de xestión e liberdade de elección.

Deste xeito, o lecer é un dereito que se educa, na medida que desde a Pedagogía do Lecer, se pretende acompañar no proceso de xerar unha cidadanía crítica e consciente das súas prácticas no tempo libre. Promovendo o chamado *lecer experiencial*, afastado do lecer entendido baixo unha premisa de mercado, de xeito que non se concibe coma

unha actividade concreta, senón que se achega a vivencias totalmente persoais (Cuenca, 2011). Elementos consubstanciais a esta experiencia, son a liberdade de elección e a autonomía que guían o proceso, ademais do autotelismo, principio que expresa a necesidade de que o lecer teña sentido en si mesmo, tal e como apunta Caballo (2009) “que se desenvolva polo significado e satisfacción intrínseca que causa a quen o vive” (p.27). Aproximándonos deste xeito ao chamado *lecer humanista*, seguindo a Cuenca (2011), “experiencia humana (persoal e social) intencional, de natureza autotélica, entendido coma un ámbito de desenvolvemento e dereito humano, ao que se accede mediante a formación” (p.27). O lecer, crece coma unha canle experiencial de desenvolvemento a título individual e “ofrecendo escenarios de desenvolvemento comunitario, nos que se desenvolven experiencias para o lecer solidario, relacionadas cun lecer xusto, sostible e inclusivo” (Cuenca, 2011, p.30).

A intervención educativa no lecer, non é un proceso espontáneo é un proceso ao longo da vida, así a Pedagogía/Educación Social, ligadas ao lecer, seguindo a Caride (2005) “abren múltiples posibilidades de mellora” para toda a comunidade, “adquirindo un sentido dentro da educación integral e total, pero a súa especificidade radica en orientar o desenvolvemento persoal e social desde o ámbito do lecer e da vivencia dos seus valores” (p.35).

3.2.3 A relación Pedagogía/Educación Social co lecer

Caride (2005) definía ata sete ámbitos de actuación desde a Pedagogía/Educación Social, mais pola súa vinculación co lecer (Cuenca, 2011), centrarémonos en maior medida, na Educación Permanente, na Educación en e para o Tempo Libre, a Animación Sociocultural (ASC), o Desenvolvemento Comunitario (DC) e na Educación Cívico-Social. Relacionando así, esta última, coma un dos obxectivos que persegue a intervención educativa no tempo libre; a Animación Sociocultural coma a metodoloxía de actuación estimuladora de procesos participativos para traballar nun procomún comunitario; e, no Desenvolvemento Comunitario, coma finalidade última de todo proceso de intervención comunitaria, xa sexa desde o lecer ou non. Por outra banda, na Educación Permanente –sobre todo a Educación de Adultas- na medida que promove experiencias satisfactorias, autotélicas e plenas para tódalas franxas de idade, favorecendo unha aprendizaxe, calidade de vida e benestar ao longo da vida. En

definitiva, ámbitos que a través do lecer, impulsan o desenvolvemento humano (Caballo e Caride, 2005).

No referente á ASC e o DC, son termos diferenciados do lecer, aínda que beben das mesmas fontes en canto á obxectivos e metas. Por exemplo, promoven a mellora das relacións sociais para a defensa dun lecer máis humanizador (Cuenca, 2011) .

O lecer garda responsabilidades de cara ao traballo comunitario. Este labor é defendido por diferentes declaracións, atopando o máximo expoñente na *Declaración de Quebec* (WLRA, 2008), concretamente no seu Artigo 4, que sintetiza a esencia de todo o documento:

Lecer e tempo libre xogan un papel esencial no desenvolvemento da comunidade: afecta á calidade de vida e benestar das persoas, contribúe ao desenvolvemento das relacións sociais e capital social, e representa un lugar de expresión e participación na vida democrática.

É así que o lecer constitúe unha canle transversal ás practicas socioeducativas e comunitarias, tal e como apuntaba Cuenca (2011), “o lecer que interesa á Educación Social é aquel que ten potencial de desenvolvemento humano” (p.28), promovendo dinámicas de participación, cohesión e identificación social, baixo un pleno exercicio da liberdade individual de cara á colectividade. Debido ás características deste contexto e das mulleres obxecto de estudo, o lecer emerxe coma un horizonte que determina un contrapunto de novas experiencias e oportunidades, que incidan no desenvolvemento desta área do rural interior galego.

Debido ao potencial que encerra o lecer, na súa dupla vertente educativa e social, convértese nunha das áreas de traballo socioeducativo e comunitario, polo que non podemos eximir de responsabilidade e quefaceres á Administración Local Municipal (Caballo e Caride, 2005).

3.2.4 A Administración Local, quefaceres entorno á defensa do lecer

Considerando que a proximidade é un valor, as iniciativas, propostas e actuacións que a Administración Local desenvolve, poden –e deben- contribuír á mellora do labor socioeducativo do territorio (Fraguela, Pose e Varela, 2011). Facendo especial fincapé no *deber* dos gobernos locais, a Lei 27/2013 de racionalización e sostibilidade da Administración Local, aínda que en premisas que non especifican o termo *lecer*, establece os marcos da responsabilidade local en cuestións vinculadas ao tempo libre.

Analizamos a continuación, os artigos 25, 26 e 27 por posuír un maior número de interrelacións con este eido:

- Artigo 25.2: describe as competencias propias dos municipios, concretamente destacamos a promoción do deporte e instalacións deportivas, así coma a ocupación positiva do tempo libre. Ao tempo, indícase que o Concello debe promover as manifestacións culturais e os equipamentos precisos para darlles soporte.
- Artigo 26.1: sinala os servizos que deberá prestar o municipio aos seus habitantes. Relaciónanse co desfrute do tempo libre saudable e valioso, como por exemplo bibliotecas –equipamentos de proximidade- e parques, espazos que propicien o uso beneficioso do lecer.
- Artigo 27.3 : promove o bo servizo á cidadanía, actuando de xeito eficiente cos recursos. Neste senso, destacamos á protección do medio natural, coma contorna valiosa para o exercicio do lecer e con beneficios para o desenvolvemento humano. Ao tempo, incídese na xestión municipal das instalacións deportivas. Esencial neste artigo, a máxima de que o Goberno Local debe garantir a igualdade de oportunidades, derivable, no noso caso, á igualdade de acceso ao lecer por parte de toda a cidadanía, tamén a do rural.

Como observamos, os concellos son responsables do exercicio dos dereitos da cidadanía inherentes ao seu territorio. Para que esta práctica sexa efectiva, preténdese que a Administración Local desenvolva unha acción política en converxencia con outros axentes sociais, xerando vías para a educabilidade e facendo fronte á complexidade dos problemas sociais. Nisto a Pedagogía/Educación Social deben posibilitar unha unión eficaz entre políticas activas de educación, cultura e deporte, aportando a súa bagaxe teórica e experiencial desde unha perspectiva integral e integradora (Pose, 2006). A administración local, debe implicarse de xeito activo, máis alá que meramente económico, na programación, deseño, aplicación e avaliación das iniciativas postas en marcha, desde unha visión máis global e socioeducativa en tódalas áreas de actuación “xa que a súa estrutura permítelle realizar funcións” facilitadoras para a consecución dun lecer humanista, “con medidas que faciliten a conciliación laboral, que van desde a consolidación de estratexias que afecten á mellora do benestar da cidadanía, ata a consolidación de programas e experiencias concretas de

lecer, que respondan ás necesidades dos diferentes sectores da poboaciónais” (Fraguela, Pose e Varela, 2011, p.66).

Se a Administración Local se compromete a garantir a calidade dos procesos educativos, os sistemas de avaliación deben contemplar ás persoas que non participan activamente nas prácticas de lecer, analizando as causas de tal situación e promovendo unha resolución xeral e comunitaria do conflito (Fraguela, Pose e Varela, 2011). A problemática económica non pode ser unha escusa para desmantelar os servizos de proximidade e os quefaceres da Administración Local, tal e como indicaban Morán, Barba e Varela (2013), “a crise non debería ser en ningún caso empregada coma un argumento político para xustificar actuacións que desatendan ou eliminen dereitos da cidadanía” (p.26). Débese avogar por unha administración de proximidade efectiva, sumando forzas e iniciativas existentes no terreo, ao tempo que se afonda na xeración de novas dinámicas sociais e unha participación activa cidadá, cun maior acceso á cultura, e baixo a premisa da eficacia no aproveitamento dos recursos.

Situándonos nunha liña de traballo relacional desde a Administración Local - se entendemos por relacional unha actuación centrada na integración das persoas e recursos dun territorio de xeito efectivo, coa finalidade última de incrementar o benestar social, a mellora da calidade de vida, a equidade e xustiza social- o principio 5 da Axenda 21 da Cultura (2004), promove a necesaria implicación dos sectores públicos e privados, polo tanto da Administración Local, na defensa dos procesos culturais máis relacionais, vinculando estes procesos á consolidación da democracia cultural. En palabras de Caride e Meira (2000), “as misións de que a política trata de satisfacer á cultura, incrementaron substantivamente o papel das Administracións Públicas na promoción e distribución dos “bens culturais” que deben permitir a cada individuo realizarse coma cidadá” (p.25).

Debido ao carácter ambivalente do tempo libre, este é unha área crucial de actuación desde os axentes de proximidade, xa que se identifica como un campo que a “actuación educativa pode optimizar” (Caballo e Caride, 2005, p.22). O complicado radica, tal e como apuntaba Trilla (1999), en que “o lecer educativamente intervido, siga sendo lecer” (p.12), posto que non se debe atentar contra as características que provocan que este sexa un campo de desenvolvemento humano –liberdade, autoconecemento e autotelismo, entre outras-.

Para realizar unha intervención sensata desde a Administración Local, Fraguera, Pose e Varela (2011) propoñen tres actuacións e obxectivos para guiar ás políticas municipais no tempo de lecer: aumentar a participación cidadá, mellorar os coñecementos básicos da poboación e habilitar vías para que podan expresar con liberdade as súas necesidades e intereses. Poderíamos consolidar estas liñas, seguindo unha serie de cuestións enmarcadas por Caballo e Caride (2005), para definir as políticas de lecer no ámbito municipal: acadar a implicación dos axentes comunitarios para fuxir do activismo e obter unha planificación do lecer estable, avogar pola intexeneracionalidade nas propostas de lecer, apoiarse nos recursos comunitarios para ir máis alá das limitacións administrativas, democracia cultural superando a concepción da cidadanía coma meros usuarios/as, ocio comunitario como forma de crecemento social e, por último, evitar o “tallerismo” a institucionalización do tempo libre, evitando políticas que unicamente centren a súa actuación sobre o tempo libre coma un eido no que propoñer actividades.


Como observamos, a consolidación efectiva da Pedagogía do Lecer á nivel local, camiña da man da maior ou menor asunción de responsabilidades por parte da Administración Local.

4. Aproximación contextual: O concello de Viana do Bolo

O concello de Viana do Bolo está situado no sur-este da provincia de Ourense, nunha zona de alta montaña pertencente ao Macizo Central. Factores coma a súa orografía caracterizada polos vales, seguidos dos cumios e os numerosos encoros, condicionan este territorio. Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE, 2015), conta cunha superficie de 270,4 km² situándose coma o segundo concello máis extenso da provincia de Ourense.

Imaxe 1

O concello de Viana do Bolo e núcleos poboacionais



Fonte: Concello de Viana do Bolo

Os datos do Padrón Municipal (2017) indican que, nos seus 52 núcleos de poboación— imaxe nº1-, se asentan un total de 2982 habitantes. Estamos, por tanto, ante un exemplo máis do despoboamento tan común no interior galego, cunha densidade de poboación dun 12,7% (IGE,2015) e unha acentuada dispersión dos seus habitantes.

Tal e como apunta o IGE (2015), a media de idade é de 54,5 anos, polo que o envellecemento é un trazo desta rexión ourensá. Ademais, o relevo xeracional non está garantido, xa que constatamos –datos de 2015- 18 nacementos fronte ás 63 mortes, situación que se vén repetindo nas últimas décadas. Centrándonos no obxecto de estudo, destacar que a poboación feminina na segunda adultez (45 a 65 anos) está configurada por un total de 369 mulleres: 166 mulleres de 45-55 anos e 188 mulleres de 55-65 anos integran esta franxa de idade (Padrón Municipal, 2017), atopando un maior peso numérico nesta segunda, o que segue a manifestar o envellecemento da poboación.

Viana do Bolo sitúase coma o núcleo de poboación principal. Existe unha forte centralización xa que esta vila alberga tódolos recursos do concello (sanitarios, culturais, comercio, educativos, entre outros). A principal fonte económica é a gandeira, seguida do sector servizos e da construción. Segundo o IGE(2014), contabilízanse un total de 126 explotacións bovinas no concello, sendo este sector o pilar económico fundamental. Ao tempo, 120 empresas e/ou establecementos dedícanse aos servizos, mentres que son 39 as que dirixen a súa actividade á

construción. A agricultura aparece tamén en escena, pero ligada ó consumo propio e ao minifundio, polo que é un factor a ter en conta, pero non é determinante na economía do lugar. Dentro do movemento económico, durante o ano 2016 (IGE,2016) existiron un total de 897 altas laborais, das cales 417 foron de mulleres fronte as 480 dos homes. Constátase, pois, a incorporación das mulleres no mercado laboral, aínda que non é equiparable á presenza masculina.

No referente ó desemprego, atopamos 217 persoas en paro, das cales 102 son mulleres. É oportuno destacar que un gran número de mulleres adultas estiveron e están ligadas ás tarefas do fogar e ó coidado da súa familia –tanto nuclear coma extensa- polo que non se atopan dadas de alta na oficina de emprego. En relación a isto último, sinalar que existe un gran número de persoas dependentes (IGE,2016) e, dado que as mulleres historicamente exerceron esa función de coidadoras, tal situación repercute en maior ou menor medida nos seus tempos de lecer.

5. Discusión e resultados

Presentamos a continuación os resultados acadados tras o estudo de campo, organizando a información en función dos bloques constituíntes do protocolo de entrevista realizado ás dez mulleres adultas deste concello. Triangularemos as respostas destas entrevistas coas que se desenvolveron co alcalde e coa responsable do CIM.

Perfil das participantes

O primeiro bloque de análise fai referencia á primeira parte do instrumento, destinado á coñecer cuestións xerais para determinar un perfil sociolóxico básico das entrevistadas.

Ademais de no núcleo “urbano” de Viana do Bolo, as mulleres entrevistadas residen noutras localizacións do municipio coma Quintela do Pando, Seoane, Ardexarxe, Bembibre ou Vilarmeao – expostas cunha orde de menor a maior distancia á vila, situándose o último exemplo a 25’7 km do núcleo principal. A elección da franxa de idade, foi intencionada, debido ao interese en coñecer os tempos de lecer neste sector adulto. Así, atopamos 5 casos entre os 45-55 anos e, os 5 restantes, entre os 55-65 anos. O seu estado civil é maioritariamente “casada”- 8 dos casos- fronte a unha “viúva” e unha con “parella de feito”.

Aquelas que residen no rural máis profundo, realizan labores vinculados ao campo e á produción agrícola ou gandeira, fundamentalmente en sectores coma a gandería ovina, apicultura e en explotacións de mediano tamaño coma autónomas agrarias. As residentes na vila, vinculan as súas prácticas laborais ao sector servizos fundamentalmente, en labores coma auxiliar de xeriatría, comerciais de venta ao público ou monitoras de tempo libre. Unha condición a resaltar é o feito de que todas as entrevistadas, ademais de posuír un traballo remunerado fora do seu fogar, son amas de casa, dedicando un gran número de horas a estes quefaceres que restan do seu tempo persoal. Sen embargo, unicamente son catro as mulleres que recoñecen que os labores domésticos son un traballo máis, aínda que non remunerado. En canto ao condicionante dos descendentes, sinalar que unicamente nun dos casos existen menores ao cargo; as restantes informantes posúen descendencia maior de idade, frecuentemente 1 ou 2 fillos/as. Por outra banda, so dúas das entrevistadas atenden a persoas dependentes que precisan os seus cuidados.

En xeral, a súa maioría – 9 das 10 persoas entrevistadas- posúen carné de conducir e vehículo propio, feito fundamental no contexto territorial no que nos enmarcamos.

En canto á participación asociativa deste sector, sitúase en valores positivos, pois 8 das 10 mulleres implícanse nestes movementos. En xeral, forman parte de propostas vinculadas á muller rural –as pertencentes á vila- mentres que as restantes, a asociacións vinculadas ao mundo agrario. A implicación dentro destes colectivos é básica, participando das actividades de lecer que oferta o sector asociativo.

Podemos extraer un perfil xeral para esta mostra: son mulleres entre 45-65 anos, casadas, sen cargas familiares excesivas, cun traballo remunerado á maiores dos quefaceres do fogar, teñen carné e vehículo propio e, ademais, participan nas actividades propostas desde as asociacións.

Tempo libre e dedicación

O seguinte bloque temático, versa sobre o tempo libre e o emprego deste. A media dispoñible de tempo libre xira entorno a 1h-2h diarias, mais cómpre sinalar, que este tempo non está totalmente desocupado, senón que o empregan para realizar outras tarefas que non consideran un traballo en si mesmo, como por exemplo, os labores domésticos. Todas apuntan que o seu tempo libre é pouco, que non é tanto coma lles

gustaría. Tal e como indica a entrevistada E04: *“Moi poucas horas , menos das que quixera”*.

As principais actividades para estes espazos, atópanse vinculadas a estereotipos sobre o uso do tempo feminino, tales coma: ximnasia e actividades físicas, así coma artesanía e obradoiros “feito á man”- “parece que teñen o *deber* de producir algo” (Comisión Consultiva de Emakunde e do Instituto Vasco da Muller, 2002, p.90). O tempo libre é considerado fundamentalmente coma unha área de descanso, que lles permita repoiñar forzas e continuar cos seus quefaceres diarios. Ao mesmo tempo, obsérvase unha forte contradición, xa que relatan que o feito de realizar as tarefas do fogar lles resta tempo diario, pero definen este espazo coma un período de tempo libre. Non asumen que estes labores son un engadido laboral, un *hándicap* para vivir en plenitude o seu tempo libre, vivo reflexo da falta de corresponsabilidade doméstica.

Por outra banda, unha maioría asume que o seu tempo libre é satisfactorio – *“Si, moito, o que pasa que me gustaría ter máis. Intento buscar cousas que me enchen, que me gustan”* (E10)- , mais experimentan un proceso de conformismo de cara aos seus tempos libres, realmente, este feito pode estar moi vinculado á escaseza de tempo diario que sofren estas mulleres, posto que non lles permite ocupar estes espazos dun xeito máis pleno. Ademais, alúdese ao feito de que co paso dos anos a desidia por coidarse a si mesmas é maior, prefiren dedicar os seus esforzos a mobilizarse para satisfacer as necesidades do seu núcleo familiar máis próximo – *“Polos meus fillos, pois si que me movía máis. Se é por min, iso agora non o fago, fíxenme máis conformista”* (E09)- asumindo, tal e como indica a Comisión Consultiva de Emakunde e do Instituto Vasco da Muller (2002), que é a *“súa responsabilidade é atender as necesidades dos membros da unidade de convivencia”* (p.96). Ao tempo, indican que a incompatibilidade horaria é un factor condicionante do seu tempo libre, mais promoven a procura de actividades que nutran estes espazos, máis alá dun fin utilitario de lecer específico.

O uso do tempo libre e as actividades máis demandadas para este espazo, están moi vinculadas –e sentenciadas en certa medida- ás problemáticas do seu día a día: os longos desprazamentos á vila -xa que os servizos e recursos se atopan centralizados no propio núcleo de Viana-, a falta de oferta - destacan falta de actividades lúdicas,

solidarias, ou deportivas adaptadas ao clima de montaña: *“Non temos opcións, e xa non formulas facer máis”* (informante E02).

Lecer e benestar

Pregúntase, a seguir, sobre o lecer e os aportes que este promove nas súas vidas, ao tempo que se contrastan os resultados co imaxinario construído pola Administración Local de cara a estes procesos. En primeiro lugar, cómpre sinalar que as mulleres entrevistadas non son quen de cuantificar o seu tempo de lecer. Trazo normal, se asumimos, segundo Cuenca (2011), que o ocio é unha experiencia humana, persoal e subxectiva na que resulta complicado cuantificar os momentos e efectos desta vivencia.

Obsérvase que mentres algunhas adxectivan todo o seu tempo libre como satisfactorio, identificándoo como ocio realmente- *“Eu creo que todo o tempo que teño é ocio porque o paso ben, non?”* (E05)-, outras afirman que o seu tempo libre é absorbido por diversas cargas, tal e como apunta a entrevistada E04: *“ao ocio ocio , non lle dedico tempo. O resto de tarefas que fago son obrigas que xa é algo diferente”*. Esta última perspectiva é a predominante na mostra consultada, cun total de 8 mulleres que se inclinan por esta visión. Polo que este exceso de cargas, principalmente, causado pola falta de corresponsabilidade no fogar, deriva no menor acceso ao lecer por parte do xénero feminino. Aínda que o tempo de lecer se atope diluído noutros quefaceres, tódalas mulleres, menos un caso que considera que non ten espazos de ocio, relacionan este período co seu benestar, cunha franxa que é *súa* e que lles axuda á evadirse do día a día e do fogar. Exprésao así unha das entrevistadas (E02):

É un espazo propio, no que eu elixo dedicarme a min, e ter ese tempo é fundamental, creo, para que todas nos poidamos sentir ben. E desconectas, non é necesario facer nada concreto, senón desconectar de tódalas cargas que tes, do que tes que facer mañá. Eu creo que aporta un equilibrio para poder afrontar todas as cousas que non che aportan tanto. É algo básico.

Integran o lecer coma unha canle de socialización e vía de escape ás súas obrigas, recoñecendo que teñen múltiples tarefas intradomésticas –amas de casa- e que precisan espazos propios máis alá do tempo de traballo, sexa ou non remunerado, para sentirse ben, acadar un benestar e plenitude. Deste xeito, asemella que, aínda que nunha liña ligada ao lecer autotélico, poderíamos sinalar en maior medida que o

seu tempo de ocio camiña da man co lecer terapéutico, no sentido de procurar a mellora e ter unha boa saúde, mental e/ou física.

Desde a Administración Local, considérase que o lecer é un factor fundamental para o desenvolvemento persoal, ao tempo que axuda a suplir as carencias socializadoras que podan posuír as mulleres no rural, debido á dispersión no territorio. O alcalde destaca que se promoven canles para que todas as mulleres participen na oferta de ocio e que se adaptan os horarios para compaxinar o binomio *lecer-traballo*. Sen embargo, tal e como observamos nas entrevistas realizadas ás mulleres, unha das principais problemáticas no acceso ao desfrute dos seus tempos libres é a incompatibilidade horaria. Existe unha dualidade de actuación de cara ao lecer, por unha banda sinálase que o ocio “*é moi relevante*” –alcalde-, pero pola outra obtemos un conformismo de cara aos procesos de lecer e unha falta de actuación directa sobre este eido –tal e como sinala a responsable do CIM: “*O ocio e o tempo libre no rural está moi desvalorizado, non se lle da a importancia que ten*”. Existe unha acomodación nas políticas de lecer, non se traballan as potencialidades do ocio comunitario, nin se exploran as posibilidades dun ocio máis interxeneracional, que responda de xeito eficiente ás necesidades das persoas. Sinalar, ademais, que existe unha visión nesgada sobre a actuación no territorio, aludindo á falta de recursos coma xustificación para non ofrecer unha resposta efectiva ás necesidades de lecer da poboación. En palabras do alcalde:

Si, dentro do que é o noso concello, estamos facendo un bo esforzo. Pero estamos falando de que non podemos satisfacer tódolos gustos. Non hai persoal, non temos recursos. Pero, dentro do que podemos temos unha boa oferta, creamos un abano de posibilidades de ocio.

Condicionantes do lecer no rural

As mulleres entrevistadas destacan o feito de que a falta de tempo é un dos principais condicionantes que sofren á hora de acceder ao ocio, tal e como viñamos apuntando con anterioridade, posto que o tempo de traballo é o eixo regulador da vida. Ademais, consideran que o rural condiciona a súa forma de ver o ocio - apunta E01: “*Moitas veces o exceso de traballo. Ou tamén o feito de que non todos podemos acceder ás actividades, refírome a que estamos moi condicionados polo sitio onde vivimos*”- xa que dependen do coche e dos desprazamentos para achegarse ás experiencias de

lecer. Nesta mesma liña, o alcalde sinala: *“moitas veces, existen dificultades debido ás comunicacións, debido á poboación tan dispersa do concello”*. Por outra banda, os horarios son unha problemática, xa que non lles permiten conciliar tódolos aspectos da súa vida e atender ás súas responsabilidades intra e extradomésticas. A entrevistada E05, relata esta circunstancia:

Non hai horarios que se adapten ás persoas dos pobos, non temos os mesmos horarios que teñen os residentes da vila. Os animais comen tódolos días e nós temos que mirar deles. A min gustaríame que existirán máis opcións no concello.

Este extracto non é máis que unha mostra de que non se está a traballar en base ás necesidades de toda a poboación, ao tempo que se realiza unha inferencia das características e condicionantes dos/as habitantes do núcleo principal –Viana do Bolo– ao resto da poboación do concello. En relación á última liña do sinalado por esta entrevistada, unha maioría indica que unha das principais problemáticas do lecer no rural é a falta de oferta satisfactoria:

O condicionante principal é que non tes opción. Tes que valerte por ti mesma, buscarte un pouco a vida, sabes? Moitas veces, hai persoas que non son quen de facelo e os que temos valor de buscalas, non temos tanto tempo para facelas. Así, evidentemente para que exista esa oferta de opción, moitos compoñentes teñen que estar unidos. Ademais, sempre temos as mesmas cousas, nunca hai nada distinto e iso á larga aburre. (E02)

Un engadido aos propios condicionantes que sofre o lecer neste contexto, son as propias barreiras internas destas mulleres, que impiden e deterioran o seu acceso a un estilo de lecer proveitoso. Estrutúrase así, en maior medida, a necesidade de traballar desde unha perspectiva emancipadora dos tempos de lecer, que promova o disfrute con autonomía e consciencia destes espazos. Resáltase o feito de que o seu lecer se atopa nesta situación porque non teñen ganas de facer un esforzo para participar en experiencias que nutran os seus tempos libres. Polo que tamén se xeran barreiras internas na hora de acceso ao lecer.

Programación/Planificación do lecer e necesidades sociais

Diversos puntos dos tres protocolos das entrevistas realizadas se ligan á cuestión da planificación do lecer no concello de Viana do Bolo, pretendendo coñecer se existe unha perspectiva común de tódolos axentes comunitarios sobre esta temática. As

ideas xerais das entrevistadas xiran entorno ao descoñecemento da oferta existente.

E05, indica:

Non estamos informadas, nos pobos non. Non sabemos das actividades que se fan. Eu quero ir a ximnasia, pero nin sei se hai ximnasio. Se as poñen en internet, nós non temos. Que puxeran uns carteis, coma cando poñen os bandos... pero non os poñen. Entón non sabemos que se fai.

Se o descoñecemento da oferta existente é tal, resulta imposible que o exercicio do “dereito ao lecer” (WLRA, 1993) e a responsabilidade que posúe a Administración Local neste aspecto, sexa efectiva. O Concello non chega realmente a este sector de poboación, polo que a participación do rural máis profundo é complicada, tal e como indica a responsable do CIM: *“son mulleres de Viana, ás dos pobos non participan”*.

Ao preguntarlle ao grupo de mulleres como propoñen ou manifestan as súas inquiredanzas de cara ao ocio, se coñecen algunha plataforma para facer isto, unha maioría sinala que nunca realizou propostas e que non coñece un mecanismo para iso, *“non indico os meus intereses entón tampouco me preocupo por onde teño que ir a dicilo”* (E06). Ademais, constátase un forte descoñecemento dos servizos de proximidade, pecando dos personalismos propios dos concellos rurais, así como tamén da confusión sobre as responsabilidades locais. Por exemplo, sinálase ao CIM coma unha plataforma desde a que se recollen os intereses das mulleres, pero tampouco teñen claro para que serve este recurso nin a súa finalidade . E01, indícanos:

Creo que a través do CIM algo se fai, pero non creo que exista un medio en si, senón máis ben que xorden propostas e como nos coñecemos todos, achégaste alí e falas con calquera do equipo de goberno.

“Desde o CIM, o tema de achegarse á poboación e ás súas demandas é a través das redes sociais. Recibo moitas mensaxes de persoas que fan propostas” –indícanos a responsable deste servizo. Este feito axuda a comprender en maior medida como se perde a relación Administración-Poboación, posto que están a comunicarse por liñas completamente diferentes. Ademais, a responsable do CIM engade: *“a través do Concello non existe ningún mecanismo para recoller demandas da poboación, estas derivanse ás redes sociais”*. A este respecto, comprobamos que non existe unha plataforma de recollida de propostas vinculadas ao lecer- nin a ningunha outra temática-. O alcalde indica que *“non existe ningunha plataforma, sen embargo estamos abertos a recibir calquera proposta da poboación, xa sexa de xeito directo,*

coma vía e-mail ou redes sociais". Aínda que neste momento é inviable realizar unha lectura relacional sobre o territorio –máis alá da mera planificación dos tempos de lecer por parte do Concello- é necesario repensar estas prácticas na liña do que apuntaba Rebollo (2002), "apostar por novas formas de facer e relacionarse coa cidadanía que permitan traballar de xeito conxunto a políticos, técnicos e cidadáns/ás nun clima de colaboración" (p.02).

Nin a poboación coñece a oferta do Concello, nin este coñece as necesidades e demandas da poboación. Poderíamos ligar este aspecto ao feito de que non se realiza unha análise de necesidades sobre o terreo de referencia, e menos, no caso das inquiredanzas femininas, tal e como nos indica a responsable do CIM:

O problema é que tampouco sabemos que necesidades teñen ou que lles gusta. O tema do xénero non debería ser nin de dereitas nin de esquerdas, senón de xente que traballe por el. O tema da muller é algo secundario, cousa que non debería ser, e máis nestas franxas de idade, non interesa.

Constatada a ausencia deste diagnóstico, ao preguntar sobre se sería interesante para as entrevistadas que o Goberno Local se preocupara polos seus intereses, sinalan que estarían moi compracidas se o Concello lles preguntara ou se reunira con elas para saber cales son os seus desexos e necesidades, indicando respostas na liña da informante E03:

Iso sería o normal. Antes de facer unha actividade que nos preguntaran que nos gusta ou que nos apetece. Igual que cando fan unha obra, que veñen a preguntar ao pobo a ver que é o que nos fai máis falta, pois para estas cousiñas igual. Penso que sería o normal, así non impoñen nada, non din un "fago isto, isto e isto", ti primeiro pregunta á xente do rural, dos pobos que quere e entre todos xa nos entenderíamos para saber o que facemos.

Tras o observado, concluímos que non existe unha planificación anual desde o Concello máis alá da preparación dos festexos de maior tradición. Tal e como indica o alcalde: "*existen aspectos anuais coma o Entroido, as Letras Galegas ou actividades arredor de datas sinaladas segundo a época do ano*". As restantes actividades de lecer manteñen un carácter de improvisación, "*non se fai unha programación exhaustiva*", recoñece. Así, o Goberno Local, peca en certa medida de estar sumido nun continuo *tallerismo* (Caballo e Caride, 2005) de actividades puntuais.

Nesta liña, os resultados obtidos apuntan a unha valoración negativa da oferta de lecer municipal, aínda que algunha informante, como E09, indica que "*podía haber máis,*

pero para ser Viana o que é, non estamos mal, non vas a pedirlle a Viana...” O lecer está incluído nos orzamentos do goberno, sen embargo sen unha partida específica. Isto último, deriva en que á hora de poñer en marcha iniciativas vinculadas ao lecer, prime o factor económico, seguido dos desexos/necesidades dunha maioría social: *“O único que priorizamos é a economía, e tamén o que queira a xente. En consonancia actuamos en base a isto para favorecer a maioría de persoas que desexen algo”,* comentaban desde a alcaldía. É dicir, as minorías, aínda que se escoite a súa voz, non obteñen resultados das súas peticións, ao tempo que prima o factor económico e non o benestar cidadá, xa que os desexos destes están en segundo plano. Extrapolamos, que esta actuación é provocada polas posibilidades económicas do Concello. Sen embargo, non pode haber escusa á hora de materializar canles comunitarias que avoguen polo desenvolvemento dun lecer pleno para toda a cidadanía, segundo Garreta e Morata (2012) *“creando un contexto civil que permita a reconquista do espazo común coma escenario básico para o arraigo social”*(p.12).

Pregúntase sobre o traballo do tecido asociativo como clave en canto á resolución das necesidades respecto ao lecer, tanto por parte das mulleres –implicadas, nas actividades ofertadas- coma por parte do Concello. Constátase –desde a perspectiva das mulleres- que este último relega excesiva responsabilidade no traballo das asociacións en relación ás prácticas de lecer. Por exemplo E07, indica que *“si que hai mulleres que teñen iniciativa e propoñen cousas, pero fora de aí, non hai nada máis. Hai pouca oferta, e todos temos dereito de desfrutar os nosos tempos libres”*. Ao tempo que desde a alcaldía se nos sinala que:

O máis interesante é que as persoas se asocien segundo un gusto específico e nos ensinen iso ao resto. Nós o que facemos é apoiar, dentro das posibilidades que temos. Favorecemos que teñan locais para poder facer isto, a través dos propios grupos que constitúe a poboación.

Non hai unha planificación e traballo en rede, en consonancia con outros axentes comunitarios (Caballo e Caride, 2005), senón que existe unha clara división e descoordinación na oferta de lecer.

Puntos febles e fortes

Nos tres protocolos deseñados, engadíronse dúas cuestións idénticas sobre os puntos febles e fortes do lecer neste contexto. En primeiro lugar, sinalar que neste apartado é

onde se observan maiores niveis de concordancia entre as diferentes fontes de información.

Comezando pola visión negativa sobre o lecer do concello, recollemos a tallante resposta da responsable do CIM:

O punto débil principal é que non hai oferta. As cousas que hai, quitando unha ou dúas que se fan desde o Concello, o resto faise todo desde as asociacións e por iniciativa de mulleres que se agrupan e tiran para adiante coas súas ideas. A min fáltame a implicación do Concello, non se lle dá a importancia que ten o ocio. E, outro punto débil, é que non hai planificación, pero nin nesta franxa de idade nin en ningunha outra. Son cousas puntuais que se estiman para X datas no ano, pero non vai máis alá diso.

Na liña deste aporte, as mulleres entrevistadas indican que *“o principal punto débil é que non existe unha oferta de ocio. Outro é que non se aproveitan os recursos naturais que ten Viana”* (E01). Ademais de sinalar, como xa nomearan noutras cuestións, a falta de difusión da oferta establecida, cuestión que tamén repercute na maior ou menor implicación e participación da poboación feminina. O alcalde, nos aportes exemplificados para responder aos puntos febles do concello de cara ao lecer, ten unha apreciación máis vinculada á situación xeográfica de residencia das habitantes deste entorno e ás súas responsabilidades, sinalando: *“o punto débil é dispersión e tempo, non toda a poboación do noso concello ten tempo para o ocio, así como tamén o feito de non poder achegarse a Viana”*. Antes de abordar os puntos fortes, sinalar que desde o CIM, se indica que é necesario *“que o Concello actúe máis implicado, non so cedendo espazos”*.

Por outra banda, en canto aos puntos fortes, o asociacionismo emerxe coma unha arma de dobre fío: realizan un traballo loable, ao tempo que pecan dun forte individualismo entre asociacións. Sobre esta temática, desde a alcaldía, relátasenos:

O primeiro punto forte, é o asociacionismo que teñen as mulleres. Que son fortes e agrúpanse para afondar nos seus intereses. Despois o seu dinamismo, reclaman o que queren e nós arbitramos as súas posibilidades. Ademais a súa participación é máis forte que a dos homes.

Existen diferentes grupos de asociacións femininas, sen embargo o asociacionismo atópase fragmentado por cuestións políticas. Tal e como nos indica E02: *“Outro factor aquí moi condicionante é o “politiqueo”, a xente non valora o traballo que se fai, senón a cor política que está detrás”*.

“Os puntos fortes están ligados ás actividades máis demandadas, que son sempre arredor da ximnasia” –E02. Atópanse, coma un factor a destacar, as actividades propostas desde o Concello ligadas ao benestar e ao lecer saudable. As mesmas, indicábanos a profesional a cargo do CIM, versan entorno a pilates, ximnasia de mantemento e ioga.

Participación social das mulleres adultas

A participación é unha temática latente en moitas das cuestións realizadas, sen embargo ao igual que no bloque anterior, pregúntase directamente sobre este aspecto ás tres tipoloxías de informantes. Obtemos un amplo abano de respostas, desde o feito de sinalar que as mulleres maiores participan máis porque teñen máis tempo, ao caso contrario que sinala que nesta franxa de idade – 45 a 65 anos- xa non se participa. Sen embargo, *“a participación feminina non é tan mala como parece”* – CIM. Tal e como nos indica a profesional deste último servizo nomeado:

Eu creo que é o que máis funciona. As asociacións que hai son levadas por mulleres, dinamizadas por elas, así coma os “cargos” dentro das organizacións son sempre femininos. De feito, os homes participan moito menos. E algo a destacar é que xeralmente son mulleres máis maiores, aínda que forme parte da asociación persoas máis novas.

Sen embargo, debemos destacar que este aspecto, tal e como indica o alcalde, *“en determinadas cousas, non é así. En temas vinculados ao ocio, creo que si. Noutras facetas públicas deberan participar máis, desde a política, a levar outro tipo de cuestións con máis poderío”*. Neste sentido, as participantes indicánnos diversas opinións, na súa maioría fan referencia a *“excepcións, pero na maior parte dos casos quen van as cousas son os homes, as mulleres están en segundo plano”* (E09). A participación social no rural segue a estar centrada na figura do varón, a muller non está visibilizada. Faise, pois, necesario incrementar a participación en tódolos ámbitos da vida destas. Neste punto, o lecer segue considerado coma unha categoría “inferior” dentro da vida dos individuos, non é *“outro tipo de cuestións de máis poderío”*, tal e como nos apuntaba o alcalde.

Xorde a necesidade de traballar de cara a revalorizar os tempos de lecer, así coma as potencialidades que ten un núcleo de poboación coma Viana do Bolo. Emporiso, o proceso “dinámico de participación, require, por unha parte, posuír e mobilizar un

conxunto importante de aprendizaxes e, por outra, esixe dispoñer das estruturas, canles e mecanismos que fagan posible e viable o seu desenvolvemento” (Morán, 2008, p.192). Así, débese avogar polo deseño de políticas sociais, fundamentadas na democracia cultural, na que a cidadanía sexa protagonista, creadora, participante, non unicamente espectadora. Trátase de construír a cultura coma un ámbito de traballo para promover a participación social e o desenvolvemento comunitario (Garreta e Morata, 2012). Isto debe suceder nun dobre plano, tanto individual, coma institucional –canles, estratexias, planificación, retroalimentación, entre outros- que realmente derive nunha incorporación efectiva da muller ao eido social e de lecer, posto que “moitas mulleres se atopan alleas ás dinámicas cotiás do seu contexto social máis próximo” (Gradaílle e Merelas, 2011, p.59).

Outra das cuestións a ter en conta neste punto, é a constante referencia ao individualismo. En palabras da informante E10: *“outra cousa é que nos pobos non nos unimos para facer forza nin para pedir as cousas, en grupo facíamos máis. Deixámonos moito no rural, e non nos deberíamos deixar tanto”*. Neste marco de falta de colaboración comunitaria, seguindo a Garreta e Morata (2012), pódese orientar o lecer coma un espazo de creación cultural, ao tempo que a cultura coma creación humana tamén deriva na creación de comunidades máis fortes e cohesionadas. Seguindo a premisa de Canadell e Vicens (2010), a construción comunitaria, desde un proxecto cultural, é unha das cuestións a acadar desde a Administración Local, coma un eixo transversal das políticas sociais para mellorar o seu contexto. Neste caso, acadando a participación efectiva do sector feminino.

Xénero e lecer

O xénero e a súa vinculación co maior ou menor acceso ao lecer é un contido transversal a este informe. Sen embargo, consideramos de interese preguntar directamente sobre este aspecto ás dez informantes, ao alcalde e á responsable do CIM, buscando un posicionamento ao respecto e tratando de identificar coincidencias e diverxencias nas perspectivas.

O feito de ser muller no rural, é un condicionante para a participación e, por suposto, para a participación vinculada aos tempos de lecer. Existe unha barreira invisible – chamada xénero- que limita o acceso aos tempos sociais e comunitarios, estruturando

os espazos de tempo propio nunha dimensión máis privada, ligada ao fogar, non tan visible na rúa coma os varóns. Tal e como nos indicaba a alcaldía:

Por suposto, o xénero no rural é un condicionante. Aquí temos o rural, menos rural por así dicilo, que é Viana. E o rural máis extenso, que son os pobos. Alí, as diferenzas aínda son maiores. As mulleres participan moito menos, ten menos visibilidade a súa labor. O campo condiciona moito, as labores gandeiras máis ligadas á compra e venta de animais ou aos temas máis administrativos son sempre ocupadas polos homes. Iso provoca que se despracen en maior medida a Viana, así tamén interactúan con outros, toman algo, fan máis vida. Sen embargo, a muller está na casa.

Destacan, nunha clara maioría, que a diferenciación dos tempos de ocio atópase ligada ao xénero, á vez que entre sexos existen diferenzas á hora de afrontar os tempos de lecer. Homes e mulleres canalizan estas franxas horarias de diferentes formas, por exemplo –indicábanos a profesional responsable do CIM- *“os bares, é so un ocio que adoptan os homes, coma se unicamente fose unha actividade masculina, cousas coma xogar a partida ou tomar o café e un licor”*. Coincide esta afirmación co expresado desde o Instituto da Muller (2007), *“as diferenzas segundo xénero nos tempos de lecer débense basicamente a actividades de relacións sociais e entretemento”* (p.29), posuíndo os varóns máis representatividade e, por tanto, participando de xeito máis activo no lecer e beneficiándose das súas achegas. Nesta liña, *“débesse avogar polas actividades mixtas e non unicamente compartimentadas por sexo. É algo que se observa, non existe ocio común”*, –comentábanos o alcalde.

Por outra banda, as mulleres destacan que o rural segue sumido nun sistema patriarcal e machista –*“as mulleres nos pobos seguen condicionadas polo machismo”* (E01)- no que o acceso aos tempos de lecer se refire, segue condicionado polo traballo doméstico –*“os homes son máis libres, rematan o seu traballo e xa. Pero as mulleres están máis atadas, rematas o de fora e tes que chegar a casa e facer as labores domésticas”* (E07). Así, este dereito/experiencia de lecer, non o é tanto, na medida que as mulleres –e máis no rural- deben reivindicalo constantemente.

6. Conclusións e propostas de mellora

O acceso aos tempo libres e de lecer para as mulleres adultas do rural, está sumido nunha inestabilidade alarmante. A desigualdade experimentada por este colectivo á hora de facer uso dos tempos sociais, é tanxible. O xénero é un forte condicionante

para participar no lecer por parte da poboación deste territorio, que segue asumindo coma modelo de vida as características dun sistema patriarcal e tradicional, onde a muller asume como “natural” o rol de cuidadora. Isto provoca a falta de equidade en canto á participación social das mulleres, esquecendo que o feito de participar é un dereito individual e colectivo.

Os tempos libres do grupo estudado, son asumidos principalmente baixo un utilitarismo, unha franxa temporal na que deben producir un ben, un elemento que demostre que tiveron un tempo libre “produtivo”. Asíase así o uso destes tempos a estereotipos do uso do tempo femininos, por mor, tamén, da cultura do patriarcado.

Aínda que conciben ao lecer coma un espazo fundamental no seu día a día, as características territoriais propias do rural galego –despoboamento, illamento, centralización de recursos, etcétera- a falta de equidade na distribución dos tempos sociais –falta de corresponsabilidade nas tarefas do fogar- ademais do papel socialmente imposto para homes e mulleres, non lles permite un desfrute humanista do ocio. Neste punto, cabe destacar o feito que desde a Administración Local non se está a actuar en consonancia coa cidadanía –non existe unha análise e diagnose da realidade/necesidades- para garantir o exercicio dos seus dereitos.

Asúmese nun segundo plano a responsabilidade de propiciar un uso positivo destes tempos, cuestión que se reflexa no *tallerismo* e no abuso das actividades puntuais por parte do Concello. A falta de diagnose, deriva nunha actuación á cegas no territorio, que, ademais, prescinde de actividades para o sector feminino co que estamos a tratar –mulleres de 45 a 65 anos-. Por outra banda, sinalar a ausencia dunha perspectiva común por parte do Goberno Local á hora de traballar nos tempos libres da cidadanía, non hai unha planificación estable, nin un imaxinario firme á hora de percibir a realidade na que se atopan estas mulleres. Deste xeito, resulta imposible realizar unha lectura relacional do lecer neste contexto, posto que sequera se están a cubrir os dereitos e necesidades básicas da cidadanía. Ademais, non se atopa consolidado un modelo comunitario forte, a poboación encamiñouse cara un individualismo progresivo. Se a isto lle engadimos a falta de actuación con perspectiva educativa sobre o territorio, derivamos nesta inexistente estabilidade en canto a oferta de lecer, tal e como apuntabamos no marco teórico do traballo.

O asociacionismo crece coma un sector paralelo ás actividades inestables propostas desde o Concello, sen embargo, a falta de planificación conxunta por parte dos diferentes axentes comunitarios, dificulta a creación de canles efectivas de acceso ao lecer. Amais, as mulleres da mostra analizada, asumen unha condición de meras usuarias destes recursos para o tempo libre, desenvolvendo un rol secundario á hora de construír o seu lecer. Situación extrapolable aos restantes habitantes.

Neste senso, é necesario realizar propostas desde a perspectiva da Pedagogía/Educación Social, en base aos criterios de actuación propios da Pedagogía do Lecer e de cara a encamiñarse a un lecer fundamentado na experiencia e humanista que garanta o acceso a estes tempos sociais por parte non só deste colectivo, senón de toda a cidadanía deste enclave.

Nun primeiro momento, é necesario, a curto prazo, xerar unha oferta de lecer estable por parte da Administración Local. Realizando unha análise-diagnose da realidade que dea conta das necesidades e desexos da poboación neste eido, fuxindo do *tallerismo* actual e da falta de coñecemento por parte da poboación da oferta municipal. En relación a isto último, é fundamental garantir unha difusión efectiva das propostas, para que a poboación sexa consciente das súas posibilidades.

En segundo lugar, eríxese a necesidade de descentralizar as experiencias de lecer. A incompatibilidade horaria, as longas distancias, así como tamén os traballos propios do campo, non permiten o acceso aos recursos da vila. É por iso que descentralizando a oferta, diminuiría a problemática da participación do sector máis ruralizado, ao tempo que as residentes destes territorios observarían que se valora o seu contexto máis próximo.

Por último, na liña das anteriores propostas, é fundamental xerar canles de participación/planificación conxunta por parte de tódolos axentes comunitarios para a creación dun lecer que propicie o desenvolvemento humano –individual e comunitario-. Cómpre abandonar a premisa de que as/os participantes, son usuarias/os. É preciso, en todo momento, favorecer os procesos horizontais de interacción e a consolidación da democracia cultural, poñendo as bases para avanzar, a medio prazo, cara a procesos propios dun sistema relacional no que a Educación Social ten moito que aportar.

7. Bibliografía

- Agenda 21 de la Cultura (2004). Recuperada de <http://www.agenda21culture.net/es>
- ASEDES e CGCEES (2007). *Documentos profesionalizadores. Catálogo de funciones y competencias del educador y la educadora social*. Barcelona: GRAFOX
- Caballo, M.B., Candia, F.X., Caride, J.A. e Meira, P.A. (1997). *131 conceptos clave en Educación Social*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Caballo, M.B e Caride, J.A (2005). Do tempo libre ao tempo de lecer: realidades e perspectivas. En M.B. Caballo e R. Fragueta (Coords.), *A acción municipal no tempo libre* (pp.11-17). A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- Caballo, M.B (2009). Os desafíos socioprofesionais do traballo en ocio e tempo libre. En J.C Otero (Ed.) , *Pedagogía del Ocio: nuevos desafíos* (pp.25-31). Lugo: Axac.
- Caballo, M.B., Caride, J.A. e Meira, P. A. (2011). El tiempo como contexto y pretexto educativo en la sociedad en red. *Educación Social. Revista de Intervención Sociocomunitaria*,47,11-24.
- Canadell, A. e Vicens, J. (2010). *Habilitar la ciudad*. Madrid: Miraguano Ediciones.
- Caride, J.A e Meira, P.A. (2000). La educación Social en las Políticas Culturales: hacia una construcción pedagógica de la democracia cultural. En J.A, Caride (Coord.), *Educación Social y Políticas Culturales*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Caride, J.A. (2005). *Las fronteras de la pedagogía social*. Barcelona: Gedisa.
- Caride, J. A. (2009). Ocio y ciudadanía: acerca del tiempo como construcción social y educativa. En M. Cabeza y E. Aguilar (Eds.), *El tiempo de ocio: transformaciones y riesgos en la sociedad apresurada* (pp.153-173). Bilbao: Universidad de Deusto.
- Colectivo Ioé (1996). *Tiempo social contra reloj: las mujeres y la transformación en los usos del tiempo*. Madrid: Instituto de la Mujer.
- Comisión Consultiva de Emakunde e Instituto Vasco da Muller (2002). Mujeres y Ocio: ser en otro espacio, en otro tiempo. En M.L. Setién y A. López Marugán (Eds.), *Mujeres y Ocio. Nuevas redes de espacios y tiempos* (pp. 85-98). Bilbao: Instituto de Estudios de Ocio.

Constitución Española (1978), recuperada de <https://www.boe.es/legislacion/documentos/ConstitucionCASTELLANO.pdf>

Csikszentmihalyi (2001). Ocio y creatividad en el desarrollo humano. En M. Cuenca (Ed.), *Ocio y desarrollo: potencialidades del ocio para el desarrollo humano* (pp. 15-32). Bilbao: Universidad de Deusto.

Cuenca, M. (1998). La intervención educativa en Ocio y Tiempo libre. En AA.VV. *Nuevos espacios de la educación social*. Bilbao: Universidad de Deusto.

Cuenca, M. (2004). *Pedagogía del Ocio: modelos y propuestas*. Bilbao: Universidad de Deusto.

Cuenca, M. (2011). El ocio como ámbito de la Educación Social. *Educación Social. Revista de intervención socioeducativa*, 47, 25-40

Cuenca, M. (2014). Ocio valioso en tiempos de crisis. En S. Torío, O. García-Pérez, J.V. Peña e C.M Fernández (Coords.), *La crisis social y el Estado de Bienestar: Las respuestas de la Pedagogía Social* (pp.4-20). Oviedo: Ediciones de la Universidad de Oviedo

Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948), recuperada de <https://mail.google.com/mail/u/0/?tab=wm#all/158e98be09281667?projector=1>

Durán, M.A (2010). *Tiempo de vida y tiempo de trabajo*. Bilbao: Fundación BBVA.

Fernández, M., López,S. E Valcarce,M. (Novembro, 2005). Análise do contexto rural para a xustificación dun itinerario de formación de profesionais de xénero especializadas. En A. Rial e M. Valcarce (Presidencia), *A formación profesional no horizonte da interculturalidade e da integración sociolaboral*. Conferencia levada a cabo no VII Congreso Internacional de Galicia e Norte de Portugal de Formación para o Traballo. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

Fraguela, R. , Pose, H. e Varela, L. (2011). Nuevos tiempos para la acción socioeducativa municipal: deporte, educación y cultura. *Educación Social, revista de intervención socioeducativa*, 47, 63-73.

Instituto de la Mujer (2007) . *Usos del tiempo, estereotipos, valores y actitudes*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

Instituto Galego de Estatística (2016). Banco de datos municipal: ficha municipal. Concello: Viana do Bolo. Recuperado de http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=000&c=-1&idioma=gl&ruta=fichas%2Fbdmunicipal_tablas.jsp%3FESP%3D32086

- Instituto Nacional de Estadística (2009-2010). Encuesta de Empleo del Tiempo. Recuperada de http://www.ine.es/prensa/eet_prensa.htm
- Gimeno San cristán, J. (2008). *El valor del tiempo en educación*. Madrid: Morata.
- Gradaíle, R. E Merelas, T. (2011). Los tiempos sociales en clave de género: las respuestas de la Educación Social. *Educación Social. Revista de Intervención Sociocomunitaria*, 47, 54-62.
- Gradaíle, R. (2000). Condicionantes contextuales en el itinerario educativo-cultural de una educadora social de origen rural. En Caride, J.A (Coord.), *Educación Social y Políticas Culturales*. Facultade de Ciencias de la Educación, Universidade de Santiago de Compostela.
- Kloeze, J.W. (2002). Turismo rural: un enfoque basado en el género. En Setién, M. L. e López Marugán, A. (Eds.). *Mujeres y Ocio. Nuevas redes de espacios y tiempos* (pp.129-149). Bilbao: Instituto de Estudios de Ocio.
- Morán, M.C (2008). Presupostos da participación social. A práctica social da participación cidadá. En P.A Meira e P. Montero (Coords.), *Asociacionismo e cidadanía: unha análise do movemento asociativo-cultural na provincia da Coruña* (pp. 189-192). A Coruña: Deputación Provincial.
- Morán, M.C, Barba, M. E Varela, L. (2013). Servicios sociales en crisis. ¿Educación Social en crisis?, en S. Torío et al. (Coords.), *Crisis social y Estado de Bienestar: las respuestas de la Pedagogía Social* (pp.33-50). Madrid: McGraw-Hill.
- Lei orgánica 27/2013, do 27 de Decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local. Boletín Oficial do Estado, 30 de decembro de 2013, núm.312, pp.106437-106439. Recuperada de <https://www.boe.es/boe/dias/2013/12/30/pdfs/BOE-A-2013-13756.pdf>
- Morata, Tx. e Garreta, F. (2012). El tiempo libre como dinamizador y/o activador de la comunidad. *Educación social. Revista de Intervención Socioeducativa*, 50, 11-29
- Murillo, S. (1996). *El mito de la vida privada. De la entrega al tiempo propio*. Madrid : Siglo XXI.
- Olabuénaga, J.I (2007). *Metodología de la investigación cualitativa*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- Olaz, A.C (2016). *La entrevista de investigación*. Madrid: Grupo 5.
- Padrón Municipal (2017). Poboación por franxas de idade do Concello de Viana do Bolo.

- Pose, H. (2006). *La cultura en las ciudades. Un quehacer cívico-social*. Barcelona: Graó.
- Pérez Serrano, G. (2000). *Modelos de investigación cualitativa en Educación Social y Animación Sociocultural, aplicaciones prácticas*. Madrid: Narcea.
- RAG (2017) .Definición de xénero, recuperada de <http://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/xenero>
- RAG (2017). Definición de rural, recuperada de <http://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/rural>
- Rebolllo, O. (2002). *Bases político-metodológicas para la participación*. Recuperado de <http://habitat.aq.upm.es/boletin/n24/aoreb.html>
- Tabboni, S. (2006). *Les temps sociaux*. París: Armand Colin.
- Tójar, J.C (2006). *Investigación cualitativa. Comprender y actuar*. Madrid: La Muralla.
- Trigo, V. (2001). Contexto de ocio y desarrollo humano. En M. Cuenca (Ed.), *Ocio y desarrollo: potencialidades del ocio para el desarrollo humano* (pp. 205-222). Bilbao: Universidad de Deusto.
- Trilla, J. (1999). Perspectivas educativas del ocio para el siglo XXI. *Revista de la Asociación Proyecto Hombre*, 32, 8-13
- WLRA (1991). Declaración sobre Ocio, Turismo y Deporte. Recuperada de <http://worldleisure.org/>
- WLRA (1993). *Carta Internacional para la Educación del Ocio*. Recuperada de <http://worldleisure.org/>
- WLRA (2008). Declaración de Quebec: Ocio y tiempo libre, esencial para el desarrollo comunitario. Recuperada de <http://worldleisure.org/>

Anexo I. Protocolo de entrevista ao alcalde

A presente entrevista ten por obxectivo recoller a súa valoración –como informante clave- dos aspectos influíntes nos espazos de lecer e tempo libre do concello. Ten un carácter exclusivamente académico, polo que o seu uso se limita ao Traballo de Fin de Grado titulado “O tempo de lecer nas mulleres adultas do rural: o caso de Viana do Bolo” desenvolvido no Grao de Educación Social, na Universidade de Santiago de Compostela (curso 2016/2017). Garantímoslle a confidencialidade no tratamento da información, de tal xeito que se agradece a maior sinceridade nas respostas. Para maior facilidade á hora do rexistro e tratamento dos datos obtidos, rógase a dispoñibilidade para gravar a entrevista. Moitas grazas pola súa colaboración.

1. Desde o concello, como se realiza a oferta de ocio para as persoas residentes en Viana do Bolo?
2. Existe persoal específico para dar resposta ás necesidades de lecer da poboación?
3. A planificación ou programación das actividades propostas desde o Concello é anual ou ten carácter puntual/estacional?
4. Existe algún tipo de plataforma para recoller as propostas, demandas da poboación en temáticas vinculadas ó lecer?
5. Que importancia lle concede ao ocio en relación ao benestar das mulleres do rural neste concello?
6. É o ocio unha cuestión a ter en conta nos orzamentos xerais do Concello?
7. Considera que o tempo de ocio no rural está condicionado polo xénero?
8. Considera que as mulleres dispoñen de alternativas satisfactorias para os seus tempos de descanso?
9. Considera que a participación social das mulleres adultas é suficiente?
10. Que alternativas de ocio, en clave de desenvolvemento comunitario, lle gustaría incluír dentro das propostas para Viana do Bolo?
11. Cales son os puntos febles e fortes que observa en relación á oferta e disfrute do ocio das mulleres adultas de Viana, promovida desde o Concello?

Anexo II. Protocolo de entrevista á responsable do CIM

A presente entrevista ten por obxectivo recoller a súa valoración –como informante clave- dos aspectos influíntes nos espazos de lecer e tempo libre no concello. Ten un carácter exclusivamente académico, polo que o seu uso se limita ao Traballo de Fin de Grao titulado : “O tempo de lecer nas mulleres adultas do rural: o caso de Viana do Bolo” desenvolvido no Grao de Educación Social, na Universidade de Santiago de Compostela (curso2016/2017) . Garantímoslle a confidencialidade no tratamento da información, de tal xeito que se agradece a maior sinceridade nas respostas. Para maior facilidade á hora do rexistro e tratamento dos datos obtidos, rógase a dispoñibilidade para gravar a entrevista. Moitas grazas pola súa colaboración.

1. Cal é o papel do CIM respecto da creación de alternativas de ocio para as mulleres adultas de Viana do Bolo?
2. Realiza algunha función directa e/ou vinculada ao benestar a través do ocio feminino?
3. Existe algún tipo de plataforma para recoller as propostas, demandas da poboación en temáticas vinculadas ao lecer?
4. Que importancia lle concede ao ocio en relación ao benestar das mulleres do rural neste concello?
5. Cales cre que son as necesidades principais das mulleres adultas en canto ao seu tempo libre en Viana do Bolo?
6. Que valoración fai da participación das mulleres do rural no movemento asociativo?
7. Que valoración fai da influencia do xénero no desfrute do lecer e tempo libre?
8. Desde o CIM, que alternativas de ocio se promoven para as mulleres deste concello?
9. Cales son os puntos febles e fortes que observa en relación á oferta e desfrute do ocio das mulleres adultas de Viana, promovida desde o Concello?

Anexo III. Protocolo de entrevista ás mulleres

A presente entrevista ten por obxectivo recoller a súa valoración –como informante clave- dos aspectos influíntes nos espazos de lecer e tempo libre no concello. Ten un carácter exclusivamente académico, polo que o seu uso se limita ao Traballo de Fin de Grao titulado : “O tempo de lecer nas mulleres adultas do rural: o caso de Viana do Bolo” desenvolvido no Grao de Educación Social, na Universidade de Santiago de Compostela (curso2016/2017) . Garantímoslle a confidencialidade no tratamento da información, de tal xeito que se agradece a maior sinceridade nas respostas. Para maior facilidade á hora do rexistro e tratamento dos datos obtidos, rógase a dispoñibilidade para gravar a entrevista. Moitas grazas pola súa colaboración.

DATOS XERAIS

- a. Idade
- b. Lugar de residencia.
- c. Estado civil.
- d. Nivel de estudos.
- e. Profesión ou dedicación.
- f. Número de fillos e fillas.
- g. Número de persoas dependentes no fogar.
- h. Posesión de carnet de conducir e vehículo propio.
- i. Participación (ou non) no tecido asociativo do concello.

EN CANTO AO TEMPO LIBRE...

1. Cantas horas de tempo libre ten diariamente?
2. Que actividades realiza durante ese tempo libre?
3. É o teu tempo libre satisfactorio?
4. Se non o é, qué cambiaría?
5. Que lle gustaría facer nese tempo libre e non fai?
6. Por que sucede esa situación? (Por falta de tempo libre, falta de recursos, iniciativa propia, motivación, falta de corresponsabilidade na asunción das tarefas do fogar...)

EN CANTO AO OCIO...

7. Canto tempo diario dedica ao ocio?
8. Que lle aporta o ocio?
9. Cales cre que son os condicionantes do ocio no rural?
10. Que importancia lle concede ao ocio en relación ao benestar das mulleres do rural neste concello?
11. A oferta de ocio do concello satisfai as súas necesidades?
12. Que motivos ou situacións determinan o tipo de ocio que realiza?
13. Considera que hai unha boa planificación e oferta de ocio no concello de Viana do Bolo?
14. Tense en conta a voz das mulleres e as súas necesidades nas ofertas de ocio?
15. Coñece algún tipo de plataforma que o concello poña a disposición para presentar demandas ou propostas en temáticas vinculadas ó lecer?
16. O ocio é unha cuestión a ter en conta desde o Concello á hora de crear os seus orzamentos?
17. Considera que o tempo de ocio no rural está condicionado polo xénero?
18. Cre que a participación social das mulleres adultas é suficiente?
19. Cales son os puntos febles e fortes que observa na oferta de ocio que o Concello de Viana dirixe ás mulleres adultas?

OS MEUS APORTES PERSOAIS...

20. Que propoñería para mellorar o ocio das mulleres do rural en Viana do Bolo?
21. Que podería aportar vostede neste cambio?
22. Gustaríalle que desde o Concello se lle preguntara polas súas necesidades e/ou desexos de cara ó ocio?

Algo que lle gustaría engadir?